

Retallos de mundo: Tiedra, pequeno mar de lavandas nas terras de Castela

Poio 13 de setembro de 2026

[Xesús Constela](#)

https://www.pontevedraviva.com/es/cultura/retallos-tiedra-pequeno-mar-lavandas-terras-castela-xesus-constela_520731_102/5510904.html

Ao ser un territorio de paisaxes abertas até o horizonte, de **chairas que parecen non rematar nunca** e de ceos tan amplos que ás veces dan a impresión de ocupar máis espazo cá propia terra, a meseta castelá sempre tivo para min un aquel de inmensidade silenciosa que me trae á mente un poema de **Miguel Hernández** que di “*En este campo / estuvo el mar. / (...) Alguna vez volverá,*” e sempre que me achego a esas terras, por outra banda tan cheas de historia, acabo vendo unha paisaxe de beleza moi discreta que non se revela á primeira ollada, senón que se manifesta paseniño a medida que observan as súas liñas, as súas cores e os seus ritmos pausados.

Oíra falar dos **campos de lavanda de Tiedra**, no occidente da provincia de Valladolid, entre as vilas de **Tordesillas e Toro**, e por iso nun caloroso mes de xullo partín na súa procura para poder visitalos nese momento único do ano no que están en flor e pintan os campos de intensidades violetas que abraían dun xeito único a quen se achega para contemplar a paisaxe.

Como me dixeran que o mellor era visitar os campos de lavanda á hora do solpor porque era cando máis fermosos estaban, decidín comezar o día cun bo paseo matinal pola vila valisoletana de Tordesillas coa intención de mergullarme un pouco na súa historia, así que comecei por me achegar ás chamadas **Casas del Tratado**, vencelladas ao acordo asinado no ano 1494 polos **Reis Católicos, Isabel de Castela e Fernando de Aragón, con João II de Portugal** para se repartiren as terras descubertas, e tamén as que aínda estaban por descubrir, fóra do noso continente, para o cal establecían unha liña imaxinaria de norte a sur do océano Atlántico, trescentas setenta leguas ao oeste do arquipélago de Cabo Verde, que permitía a expansión colonial de ambos os dous reinos ao lles conceder dereitos a Castela sobre os territorios que se atopaban ao oeste e a Portugal sobre os que ficaban ao leste desa liña.

As *Casas del Tratado*, dous palacios unidos construídos de pedra e ladrillo en épocas distintas, un no século XV e outro no XVII, teñen por fóra un **aspecto moi sobrio**, cun estilo carente de decoracións agás uns balcóns de ferro e algúns escudos, e no seu interior acollen un pequeno museo dedicado ao tratado, no que, amante como son dos documentos antigos, me chamaron

especialmente a atención dúas alfaias ás que dediquei unha boa chea de tempo, unha fermosísima reprodución do mapamundi que **Claudio Ptolomeo, o xeógrafo e astrónomo do século II**, incluíu na súa *Geographia*, e amosa unha máis que curiosa visión do mundo coñecido nos seus tempos, en aberto contraste coas novas rutas oceánicas que estaban a se descubrir no século XV, así como a presenza dun facsímile do propio Tratado de Tordesillas, que marcou a repartición do Atlántico entre as dúas coroas que gobernaban na Península Ibérica.

Mais se hai un lugar que, dende o meu punto de vista, concentra a parte máis interesante da historia da vila, ese é o **Real Mosteiro de Santa Clara**, que foi levantado no século XIV sobre os restos dun antigo alcázar, polo que o edificio conserva unha máis que interesante pegada mudéxar que puiden gozar mentres camiñaba polos seus recantos, especialmente no **chamado Patio Árabe**, de clara influencia da arte nazarí, desenvolvida no **reino musulmán de Granada**, con arcos cheos de xogos xeométricos e con fermosos detalles ornamentais que contrastan coa sobriedade exterior do complexo.

Mais por riba mesmo da **beleza arquitectónica do mosteiro**, o que máis presente sentín durante a miña visita foi a figura de Xoana I de Castela, aquela raíña que pasou á historia co alcume de *Juana la Loca*, que pasou corenta e cinco longos anos recluída tras daqueles grosos muros, porque me resultou imposíbel non pensar na **tremenda soidade** dunha persoa que acabou convertida, ao meu modo de ver, nun dos personaxes máis trágicos da historia europea.

Casada con Filipe I, alcumado *Felipe el Hermoso*, **Xoana foi proclamada raíña de Castela** en 1504 tras da morte da súa nai, Isabel a Católica, mais o seu home faleceu repentinamente en Burgos en 1506, con apenas vinte e oito anos de idade.

Devastada pola perda, negouse a que o cadáver recibise sepultura en ningún lugar que non fose Granada, onde fora enterrada súa nai, polo que **emprendeu un singular cortexo fúnebre** cara ao sur da península nunha comitiva que durou tres longos anos, porque, ao parecer, ía deténdose en toda canta localidade atopaba ao seu paso, mentres Xoana exteriorizaba a súa dor dun xeito que moitos consideraban excesivo e impropio dunha raíña.

Con todo, detrás da súa reclusión no **mosteiro de Santa Clara**, onde permaneceu até a súa morte en 1555, non só se atoparon dúbidas a respecto do seu auténtico estado mental, senón tamén moitas probas dunha **intensa loita polo control da Coroa**.

Primeiro foi seu pai, **Fernando o Católico**, quen asumiu o goberno de Castela, alegando a incapacidade da súa filla, e máis tarde sería o seu propio fillo, Carlos, o futuro Carlos V, emperador do Sacro Imperio Romano Xermánico, quen mantería a súa nai afastada do exercicio efectivo do poder para consolidar a súa propia autoridade. **Xoana conservou oficialmente o título de raíña**, pero permaneceu **apartada da vida pública** mentres outros exercían o goberno no seu nome. Unha historia que me parece ben triste, pero tamén moi interesante dende un punto de vista literario.

Con todos estes episodios na cabeza, como era a hora do xantar, achegueime á acollidora sombra dos **soportais da Praza Maior** para poder gozar dunha deliciosa ración de *lechazo asado*, un dos pratos estrela da gastronomía castelá, antes de descansar un pouco para retomar o meu camiño cara á pequena vila de Villalar de los Comuneros, que quedou para sempre gravada na historia destas terras polos **sucesos acontecidos o día vinte e tres de abril de 1521**.

Os *Comuneros*, integrantes da **revolta das cidades de Castela** na defensa dos seus intereses e dunha maior influencia nas decisións do goberno de **Carlos I, o fillo da raíña Xoana**, acababan

de sufrir unha derrota e ían en retirada con moita dificultade por mor da choiva e do barro que cubría os camiños, polo que os exércitos do rei apenas tiveron resistencia no momento de facer prisioneiros os seus tres dirixentes, **Juan Bravo, Juan de Padilla e Francisco Maldonado**, que ao día seguinte foron decapitados en público na Praza Maior de Villalar, un suceso que marcou o comezo do fin da revolta.

De pé á beira do monólito que conmemora aqueles tráxicos acontecementos, pensei na importancia que chegou a adquirir unha vila tan pequena como lugar de memoria, porque cada vinte e tres de abril **milleiros de persoas se reúnen alí** e nos seus arredores para participar nunha celebración coñecida popularmente como **Día de los Comuneros**, na que se rende homenaxe aos tres líderes executados.

Coa memoria de **Bravo, Padilla e Maldonado** a me roldar polo pensamento, emprendín camiño cara a Tiedra para ver de estar alí á hora do solpor, tal e como tiña planeado, e confeso que cheguei á pequena vila con certa curiosidade, mais tamén cunha boa dose de escepticismo, xa que me resultaba difícil imaxinar que unha **simple planta** puidese transformar de maneira tan profunda unha paisaxe, mais debo recoñecer que a miña sorpresa foi absoluta.

Apenas me achegaba aos arredores da vila, comezaron a aparecer diante de min manchas violetas de distintos tamaños que se estendían pola chaira como se alguén decidise colorear a paisaxe cun pincel xigante. O contraste entre os tons lilas da lavanda, os dourados dos campos e o azul intenso do ceo creaba unha **combinación cromática** de extraordinaria beleza.

Hai apenas dúas décadas, estas terras estaban dedicadas case exclusivamente aos cereais, e foron algúns agricultores locais os que decidiron apostar pola **lavanda como alternativa produtiva** cuns resultados que foron moito máis alá do éxito agrícola e acabaron convertendo a lavanda nun sinal de identidade da vila.

Tamén tiveron ocasión de coñecer o proceso de elaboración do aceite esencial, para o que as flores teñen que recollerse no momento óptimo da floración para seren sometidas a un **sistema de destilación** que permite extraer as súas esencias aromáticas para seren usadas en cosmética, perfumaría e unha chea de produtos artesanais fabricados na zona.

Entón, ao remate da tarde, a medida que a luz dourada do serán ía espallándose sobre os campos, os tons violetas comezaron a adquirir unha intensidade extraordinaria que converteu aquelas cores, **aquel aroma e aquel silencio** no momento máis fermoso de toda a viaxe, moito máis aló do que eu podía esperar.

Totalmente engaiolado pola beleza do que acababa de ver, e antes de abandonar a vila, aínda tiveron tempo de subir á fortaleza dos **Téllez de Meneses**, para contemplar desde as súas alturas unha inmensa panorámica sobre a comarca de **Tierra de Campos**.

Mentres deixaba atrás o lugar, a brisa acariciaba un pequeno mar de lavandas que se movía suavemente cara ao horizonte en medio da imponente chaira, polo que volví lembrar os versos de **Miguel Hernández**.

É probábel que o mar non volva nunca a estas **terras de Castela**, mais naquela tarde de xullo, baixo a luz dourada do serán, tiveron a impresión de restar a contemplar algo bastante semellante a ese regreso.